



CLUB NATACIÓN FERROL
RÚA EMILIA PARDO BAZÁN S/N
CP JAVIER GÓMEZ NOYA 2º ANDAR
15404 FERROL- A CORUÑA
TFNOS: 981324712/ 698119757
WEB: www.natacionferrol.com

CIRCULAR 8/2022: MODIFICACIÓN DAS NORMAS E RÉXIME DISCIPLINARIO DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO CNF

A Xunta Directiva aprobou, en virtude das competencias atribuídas no artigo 65.2 dos Estatutos do Club Natación Ferrol, no presente día e eu, de conformidade co artigo 41 dos Estatutos do Club Natación Ferrol de 7 de setembro de 2012, publico a seguinte circular pola que se modifican as Normas e Réxime Disciplinario dos Nadadores/as do Regulamento de Réxime Interno do CNF de 2018.

Artigo 1. Modificación artigo 2.1 das Normas e Réxime Disciplinario dos Nadadores/as do Regulamento de Réxime Interno do CNF.

Modificar o primeiro parágrafo do apartado segundo do artigo 2.1 das Normas e Réxime Disciplinario dos Nadadores/as do Regulamento de Réxime Interno do CNF relativo ás “infraccións graves”, ficando redactado do seguinte xeito:

- “Non asistir a unha convocatoria de competición ou concentración, da que non se tivese realizado previa comunicación fehaciente de imposibilidade de asistencia antes do peche da correspondente inscrición. Este precepto non será de aplicación cando concorran causas de forza maior que xustifiquen a falta de asistencia.”

Artigo 2. Modificación artigo 2.2 das Normas e Réxime Disciplinario dos Nadadores/as do Regulamento de Réxime Interno do CNF.

Incluír un novo parágrafo no apartado segundo do artigo 2.2 das Normas e Réxime Disciplinario dos Nadadores/as do Regulamento de Réxime Interno do CNF baixo o título “sancións graves” a seguinte:

- “Abonar os gastos orixinados polos nadadores/as pola súa inscrición en campionatos, así como os que se orixinen por reservas de hotel, billetes de avión, praza de autobús ou calquera outro gasto derivado dos trámites que o club teña que realizar para organizar os desprazamentos e aloxamento dos nadadores/as convocados cos equipos de competición.”

Asino a presente co visto e praxe da sra. presidenta en Ferrol, 24 de febreiro de 2022

A secretaria



A presidenta